

CONVOCATORIA SELECCIÓN EXTERNA AENA – 2019

A **empresa AENA** está a confeccionar unha bolsa de emprego para a ocupación de **Técnico de atención a pasaxeiros, usuarios e clientes** nos tres aeroportos de Galicia (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo).

Os requisitos indispensables para poder formar parte desta bolsa de emprego son os seguintes:

- Estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente, técnico especialista, ciclo formativo grado superior (FPPI) ou equivalente.
- Permiso de conducir do tipo B.

Ademais, os candidatos deberán superar as seguintes probas:

a. Unha proba selectiva sobre o contido do temario dispoñible no seguinte [enlace](#) (pinchando continuar e localizando a Ocupación IC13 Técnico de atención a pasaxeiros, usuarios e clientes, páxina 5).

b. Un exame de inglés (obligatorio) e outro de alemán ou francés, á vosa elección.

Se estas interesado/a en formar parte desta bolsa é requisito imprescindible que se remita o modelo de declaración responsable de cumprimento dos anteriores requisitos que está dispoñible no seguinte [enlace](#), e que haberá que achegar de xeito obrigatorio a un dos seguintes enderezos en función do aeroporto de elección:

Aeroporto da Coruña: lcgseleccion@aena.es

Aeroporto Santiago de Compostela: scqrrhh@aena.es.

Aeroporto de Vigo: buzonRRHH_VGO@aena.es

Importante: só é posible presentar unha única declaración por Comunidade Autónoma.

Datas de envío da declaración responsable: do 06/05/2019 ao 17/05/2019, en horario de 08:00 a 14:30.

A proba de selección terá lugar o 26/06/2019 e será AENA a encargada de confirmar o lugar e a hora de realización.

Tanto a inscrición como o proceso de selección son totalmente gratuítos.

Máis información:

Aeroporto da Coruña: 981 187 207 ou 981 187 206

Aeroporto de Santiago de Compostela: 981 547 535

Aeroporto de Vigo: 986 268 23 ou 986

268214; buzonRRHH_VGO@aena.es

TODA ESTA INFORMACIÓN, XUNTO COS ENLACES
CORRESPONDENTES APARECEN NA PÁXINA NA XUNTA:

[https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/gl/?option=com_content
&view=article&id=439](https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/gl/?option=com_content&view=article&id=439)